



Concello de Vilariño de Conso

ANUNCIO

Por medio do presente anunciase a convocatoria pública de axudas correspondentes ó programa “Axudas por nacemento e/ou adopción de fillos e fillas”, aprobada por Decreto de Alcaldía de data 4 de outubro de 2024.

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras e convocatoria das “Axudas para o fomento da natalidade, por nacemento ou adopción de fillos e fillas durante o ano 2024”, por procedemento de concorrência, co texto íntegro que figura anexo ó presente.

SEGUNDO: Acordase aprobar o gasto de 3.600,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231/480 do orzamento de gastos do concello.

TERCEIRO: Rexistrar a información a incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporciona, coa convocatoria e o seu extracto. Tras rexistrar a información a BDNS porá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación.

Beneficiarios das subvencións:

1. Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito, conviventes ou familias monoparentais que tivesen descendencia entre o 1 de decembro de 2023 e o 30 de novembro de 2024, sempre que cumpran os demais requisitos esixidos. Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será aquel que teña a custodia dos fillos, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio.
2. Os adoptantes ou acolledores de nenos de ata 5 anos que obtivesen a resolución xudicial entre o 1 de decembro de 2023 e o 30 de novembro de 2024, sempre que cumpran os demais requisitos.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou garda fose asumida por unha institución pública.

Obxecto das subvencións: A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico a aquelas familias nas que teña lugar un nacemento, adopción ou acollemento dun novo membro na unidade familiar, para contribuír a sufragar os gastos excepcionais que a nova situación implica. Tamén se persigue a promoción e dinamización do comercio local, e contribuír ao asentamento da poboación no noso Concello.

Bases Reguladoras: Apróbanse as bases reguladoras da convocatoria pública no presente, e cuxo texto íntegro se contén en anexo ao mesmo.





Concello de Vilariño de Conso

Importe máximo: O importe máximo a percibir será de 500 €, para os nacementos, adopcións e acollementos de todos/as os/as veciños/as do Concello de Vilariño de Conso que se produciran entre o 1 de decembro de 2023 e o 30 de novembro de 2024.

Prazo de presentación de solicitudes: Dende o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ata o 5 de Decembro de 2024.

CUARTO: As axudas previstas para os nacementos, adopcións ou acollementos do período comprendido de 1 de decembro de 2023 a 30 de novembro de 2024, de outorgarse, serán únicas. E dicir, outorgarse exclusivamente unha única axuda polo importe que corresponda, segundo o previsto nas presentes bases, xa que non se prevé anualidades futuras (segundo e terceiro ano) como si se establecía en convocatorias anteriores.

QUINTO: Designase como órgano instrutor á Axente de Emprego do Concello de Vilariño de Conso.

En Vilariño de Conso,

A ALCALDESA

D^a. Melisa Macía Domínguez

(documento asinado dixitalmente á marxe)

